Cristina Castro Fuentes (1 para 2)
Secretaria
Data de Sinatura: 11/08/2026
HASH: 20c2e66cc6d448d8423dcb880e3bc10c

JOSÉ PARDO LOMBAO (2 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 12/08/2026
HASH: b180991d5e6a2f0fd3e1f7655e34c539

Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «RESOLVER AS ALEGACIÓNS FRENTE AO ORZAMENTO MUNICIPAL E APROBALO DEFINITIVAMENTE»

Data:

3 de agosto de 2026

Duración:

Desde las 13:40 hasta las 14:25

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

Nome e Apelidos	Tipo de membro	Asiste	Observacións
Elvira Lombao Vila	Membro con dereito a voto	SÍ	
FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	Membro con dereito a voto	SÍ	
JOSÉ PARDO LOMBAO	Membro con dereito a voto	SÍ	
Jesús Fernández García	Membro con dereito a voto	SÍ	
José Yebra Amorín	Membro con	SÍ	

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026

Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8

	dereito a voto		
LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	Membro con dereito a voto	SÍ	
MIGUEL VIEITO VILLAR	Membro con dereito a voto	SÍ	
Maria del Carmen Acacio Lopez	Membro con dereito a voto	SÍ	
María Begoña Seco Varela	Membro con dereito a voto	SÍ	
María José Martínez Vigo	Membro con dereito a voto	SÍ	
Noelia Pardeiro Fompedriña	Membro con dereito a voto	SÍ	
Pilar Méndez Lombao	Membro con dereito a voto	SÍ	
Tania Díaz Seijas	Membro con dereito a voto	SÍ	

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA		
Expediente 841/2026. Elaboración e Aprobación do Orzamento		
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria	**Tipo de maioría:** Simple
	A favor: 9, En contra: 3, Abstencións: 1, Ausentes: 0	

Votación	A favor	En contra	Abstencións	Ausentes
Primeira	9	3	1	0

Resolución:

O Sr. Alcalde inicia a súa intrevención considerando que a reclamación presentada é unha perda de tempo. Dalle a palabra ó concelleiro nacionalista Miguel Vieito para que defenda as alegacións.

O concelleiro nacionalista alega que a base da reclamción presentada é especialmente polo incumprimento con respecto aos prazos previstos na normativa para o trámite de aprobación

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026
Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8

dos orzamnetos municipais. Pregúntalle ao Sr. Alcalde cál é o verdadeiro motivo para presentar as contas fora de prazo e pregúntalle tamén se en breve virá un recoñecemento extraxudicial de créditos ao Pleno. Igualmente quere saber por qué os Sr. Alcalde gnora os informes de intervención e a Lei en materia contable e conclúe dicíndolle que non lle interesa a democracia.

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio. Alega que se trata dun orzamento extemporáneo e que agora hai que meter correndo todas as facturas do primeiro semestre con encaixe de bolillos e saturando aos funcionarios. Informa que o seu voto vai ser non.

Responde o Sr. alcalde ao Sr. Vieito dicíndolle que lle parece que está contento co orzamento porque nada alega en relación ao fondo. Di tamén que lle sorprende que o PSOE poida alegar sobre que o orzamento é extemporáneo cando no Estado leva toda a lexislatura sen orzamentos. Defende o Sr. Alcalde que leva de forma tardía o orzamento garante que se poidan recoller xa as axudas e transferencias aprobadas.

A secretaria do Concello da lectura á proposta de alcaldía, que se copia:

”PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA

En data 21 de xullo de 2026 Elvira Lombao Vila, Noelia Pardeiro Fompedriña e Miguel Vieito Villar, veciños deste municipio e concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentaron por rexistro de entrada, diante da aprobación provisional do orzamento municipal para o ano 2026 que tivo lugar en pleno extraordinario de data de 25 de xuño do ano en curso, e da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia do 1 de xullo do mesmo ano; dentro do prazo legalmente habilitado para o efecto, unha reclamación ao orzamento do ano 2026, por adoecer, según consideran, o procedemento de aprobación de defectos de nulidade e invalidantes do mesmo.

Nun primeiro lugar debemos atender á lexitimación dos concelleiros para presentar alegacións ao Orzamento municipal.

Os membros das corporacións locais en canto tales, e a salvo de que unha norma recoñézallo expresamente, non poden presentar alegacións ou reclamacións no trámite correspondente dun procedemento administrativo que se estea instruíndo no seo da corporación local da que forman parte. Esta posibilidade, con carácter xeral, está prevista para os posibles interesados ou, no seu caso, para os veciños ou cidadáns, pero non para os membros das corporacións locais cuxa intervención no asunto debe de limitarse ao exercicio da iniciativa política que lles recoñece a lexislación de réxime local.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026
Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8

Así o dispón o 170.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante TRLFL), en relación a quenes están lexitimados para presentar alegación sao Orzamento municipal na fase de exposición pública:

«a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.

b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.

c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.»

Porén debemos entender que a alegación preséntana como veciños do Concello de Outeiro de Rei e non como concelleiros do grupo municipal do BNG.

Por outra banda o artigo 170.2 do TRLFL di que únicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento polo seguintes motivos :

«a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.»

D. Miguel Vieito Villar, Dona Noelia Pardeiro e Dona Elvira Lombao plantexan a súas alegacións en base ao disposto no 170.2.a) por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na Lei de Facendas Locais

1º.- A primeira alegación di:

"O orzamento correspondente ao ano 2026 é sometido a aprobación inicial en pleno celebrado en data 25 de xuño do ano presente. O amentado pleno fora convocado en data de 19 de xuño, após celebración dunha Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, cuxa celebración fora notificada a concelleiros e conncelleiras no día 15 de xuño

Con esta convocatoria da Comisión Informativa de asuntos do pleno, realizada o 15 de xuño, o Concello rompe coa cadencia habitual nas convocatorias de sesións plenarias, que viña sendo convocar a informativa para o luns da mesma semana de celebración do pleno (que

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026
Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8

tería sido o día 22), convocando a informativa no venres previo (que tería sido o 19. Nótese que este criterio temporal é tan só o máis habitual, non sendo o único e variando este Concello, a vontade, cando se convoca e cando non, sen comunicación previa, sequera de cortesía, ás voceiras dos Grupos Municipais.

(…) Ademais, neste caso e con anterioridade a esta convocatoria, o borrador de orzamentos non foron informados pola Comisión Especial de Contas nin se enviara ao pleno ou á oposición ningún documento con respecto a eles referido"

Así, en relación a que a convocatoria foi defectuosa, debe indicarse que este asunto en concreto non é unha causa de reclamación do orzamento.

Igualmente e para evitar estas incorreccións, faise necesario constar que ó ser o día 24 de xuño foi festivo, e por este motivo **non se pode contar como día HÁBIL entre a celebración e a convocatoria. Ó exixir a normativa que teñen que transcurrir 2 días hábiles completos entre a celebración e a convocatoria, e o ser a celebración do Pleno o día xoves 25 de xuño e ó ser o mércores 24 de xuño festividad de San Xoán fíxose necesario respectar o 23 martes e o luns 22 completos e por isto, a convocatoria tivo que ser obrigatoriamente o venres 19 de xuño.**

Respecto ó que alega da Comisión Especial de Contas é necesario aclarar que a Comsión Especial de Contas coñece ÚNICAMENTE da Conta Xeral. Non se poden confundir "contas" co "orzamento municipal". Son completamente diferentes.

Da Conta Xeral coñece a Comisión Especial de Contas, que é unha Comisión obrigatoria legalmente para coñecer das contas da corporación. Todos os demais expedientes son ditaminados pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno xa que **neste Concello de Outeiro de Rei non foi creada a Comisión Informativa de Facenda, tal e como consta en acta de sesión plenaria extraordinaria de 22 de xuño de 2023. Non pode confundir a Comisión Especial de Contas que existe en todos os Concellos para o estudio e ditame da Contal Xeral e a Comisión de Facenda que existe únicamente si se crea** *ex profeso* **pola corporación municipal.**

Respecto á 2ºalegación, que di:

. *orzamento é presentado para aprobación do pleno en data de 25 de xuño do mesmo ano da súa eventual execución.*

• *O orzamento preséntase sen a previa aprobación das liquidacións dos orzamentos do previo; que se realiza en unidade de acto do mesmo pleno.*

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026
Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

• *Á presentación de orzamento non precedeu informe, nin sequera convocatoria, da Comisión de Contas (Comisión de Facenda) do Concello de Outeiro de Rei.*

Si ben é certo que o Orzamento municipal de 2026 do Concello de Outeiro de Rei foi aprobado inicialmente en sesión plenaria de 25 de xuño de 2026, unha vez entre en vigor, farano con efectos de 1 de xaneiro de 2026 e aínda que o recomendable sería que estivera en vigor xa nesa data, **en ningún caso pode considerarse nulo de pleno dereito por este motivo.**

A cuestión referente ao incumprimento do prazo de elaboración do orzamento e de remisión ao pleno, debe de centrarse na análise do tipo de vicio que devandito incumprimento supón.

Neste sentido, o art. 48 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), establece que, aínda que son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, no caso dos defectos de forma -como é, no presente suposto, o incumprimento do prazo de remisión e a entrada en vigor, só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados, concretándose no apartado 3 que «A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo», situación que claramente non determina a normativa nesta materia.

Así o vén considerando dunha forma constante nosa xurisprudencia. A título de exemplo, atopamos a Sentenza do TSJ Canarias (sede As Palmas) nº 304/2002, do 15 de maio de 2002, que expresamente determina no seu fundamento xurídico cuarto que «*seguindo o tenor literal da Lei reguladora das Facendas Locais, a elaboración e aprobación dos Orzamentos das entidades locais, deben ser remitidos antes do día 14 de outubro de cada ano, ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, emenda ou modificación. Con todo, o Orzamento aquí impugnado, foi presentado para a súa aprobación o 25/11/1998, sen entrar nas razóns xustificativas deste tardío envío. Más para declarar a anulabilidade, é necesario ben que o acto careza dos requisitos indispensables para alcanzar o seu fin, ben que dese lugar á indefensión dos interesados (...). O trámite seguido para a aprobación dos orzamentos non impediu ao impugnante facer as alegacións que estimou oportunas, e tales alegacións fosen analizadas e rexeitadas polo órgano competente*».

Igualmente derruba dita afirmación a institución da prórroga orzamentaria, contemplada polo

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026
Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

lexislador no suposto de incumprimento dos devanditos prazos.

O réxime xurídico da aprobación e entrada en vigor do orzamento das Corporacións atópase no artigo 169 do TRLHL, e no artigo 20 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.

Á vista diso, a entrada en vigor do orzamento producirase ao día seguinte da publicación no Boletín da Provincia, resumido por capítulos tal e como dispón o punto terceiro do art. 169 TRLRHL. Por tanto, é esta a data para ter en conta e non a da aprobación inicial; quere isto dicir que se o 1 de xaneiro non entrou en vigor o orzamento «definitivo», entenderase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior.

Por outra banda, chegado o 1 de xaneiro se o orzamento non entrase en vigor, automaticamente enténdese prorrogado o do exercicio anterior, ata que o definitivo non se publique na forma anteriormente sinalada. Unha vez publicado e remitido aos órganos correspondentes entra en vigor con efectos o 1 de xaneiro do exercicio correspondente (neste caso si que se predica os efectos retroactivos) e as operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado entenderanse realizadas sobre o orzamento definitivo debendo efectuarse no seu caso os axustes necesarios para dar coberturas ás mesmos (artigo 21 apartados 6 e 7 do Real Decreto 500/1990).

Respecto á necesidade de ter aprobada a liquidación anterior, consideramos fundamental que todas as alegacións vaian apoiadas nalgún fundamento xurídico. Debe indicar en qué precepto de toda a normativa existente exíxese que para aprobar os orzamentos municipais deba estar aprobada a liquidación do ano anterior e indicar tamén iso que alega de que a aprobación da liquidación realízase en unidade de acto no Pleno, tendo en conta que a liquidación dos orzamentos apróbase por Decreto de alcaldía.

Así, á vista da motivación anterior e xa ditaminada favorablemente este proposta pola CAP, PROPOÑO ao Pleno da Corporación. :

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por Elvira Lombao Vila, Noelia Pardeiro Fompedriña e Miguel Vieito Villar no período de información pública do Orzamento municipal.

2º.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para 2026

3º.- Publicar no BOP de Lugo o texto íntegro aos efectos da súa entrada en vigor.

En Outeiro de Rei,na data indicada na sinatura electrónica.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026
Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

O Alcalde”

Sométese a votación a proposta de alcaldía, resultando aprobada por 9 votos a favor do PP, 3 en contra do BNG e 1 abstención do PSOE.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS
Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0004 Data: 11/08/2026

Cod. Validación: 4PDPFPEW5YCT7Z2K5WGZMMP3Z
Corrección: https://outeiroderei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8